

Trasmiras

Edicto

Convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal baixo a modalidade de obra ou servizo determinado para o seguinte posto de traballo:

- Un chofer de maquina mixta para o Concello de Trasmiras

O Concello de Trasmiras abre o prazo de presentación das instancias para a participación no proceso de selección por concurso de méritos, que será de cinco (5) días hábiles computados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados poderán consultar as bases de selección nas oficinas municipais, en horario de 9.00 a 14.30 horas.

Trasmiras, 31 de maio de 2016. O alcalde.
Asdo.: Emilio José Pazos Ojea.

Edicto

Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal bajo la modalidad de obra o servicio determinado para el siguiente puesto de trabajo:

- Un chofer de máquina mixta para el Ayuntamiento de Trasmiras.

El Ayuntamiento de Trasmiras abre el plazo de presentación de las instancias para la participación en el proceso de selección por concurso de méritos, que será de cinco (5) días hábiles computados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Los interesados podrán consultar las bases de selección en las oficinas municipales, en horario de 9:00 a 14:30 horas.

Trasmiras, 31 de mayo de 2016. El alcalde.
Fdo.: Emilio José Pazos Ojea.

R. 1.764

A Veiga

Anuncio

Convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, durante os meses de xullo e agosto, para o posto de traballo de “adestrador/a de piragüismo” no Concello da Veiga.

Ábrese o prazo de presentación de instancias para a participación no proceso de selección por concurso de méritos, que será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As persoas interesadas poderán consultar as bases de selección nas oficinas municipais, situadas na Praza do Concello, n.º 1, 32360 A Veiga, en horario de 09.00 a 15.00 horas.

A Veiga, 31 de maio de 2016. O alcalde.
Asdo.: Juan Anta Rodríguez.

Anuncio

Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal bajo la modalidad de obra o servicio determinado, durante los meses de julio y agosto, para el puesto de trabajo de “entrenador/a de piragüismo” en el Ayuntamiento de A Veiga.

Se abre el plazo de presentación de instancias para la participación en el proceso de selección por concurso de méritos, que será de cinco (5) días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las personas interesadas podrán consultar las bases de selección en las oficinas municipales, situadas en la Plaza del Ayuntamiento, n.º 1, 32360 A Veiga, en horario de 09:00 a 15:00 horas.

A Veiga, 31 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Juan Anta Rodríguez.

R. 1.789

Vilar de Santos

Anuncio

Publicase que a Xunta de Goberno deste concello, na sesión realizada o 31/05/2016, aprobou os padróns recadatorios do exercicio 2016 do imposto de vehículos de tracción mecánica, do imposto de bens inmobles de natureza urbana e rústica, da taxa pola recollida de lixo, e da taxa polo servizo de subministración de auga, taxa de saneamento e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 1º semestre do exercicio 2015, así como, a apertura dun período de vinte días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do concello e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Período de cobranza: desde o día 15 de xuño do 2016 ata o 2 de setembro do 2016, ambos incluídos.

Forma de pagamento: todos os recibos que non estean domiciliados en contas bancarias serán enviados por correo ao enderezo dos contribuíntes para que estes poidan facelos efectivos nas oficinas bancarias indicadas nel. No caso de non recibilos nas datas sinaladas, deberán dirixirse a “Catoure, SCL”, na r/ Noriega Varela, n.º 6, baixo, Ourense.

Recursos: contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporados ao mesmo, poderase formular un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do prazo de exposición pública, que se entenderá rexeitado polo transcurso de 1 mes dende a súa presentación sen que se resolva de maneira expresa.

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de 2 meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou no prazo de 6 meses desde que deba entenderse rexeitado presuntamente por silencio.

Advertencia: transcorrido o período de pagamento voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aboarase a recarga correspondente, os xuros de demora e, se é o caso, as custas que se produzan. A non recepción do documento de pagamento non exime da obriga do seu aboamento no período voluntario fixado, sendo obriga do contribuínte solicitalo no caso de non recibilo.

De conformidade co previsto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio (DOG n.º 119 do 22-06-2012), advirteselles aos contribuíntes que a falta de pagamento do canon da auga no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende a publicación do presente anuncio no BOP.

Vilar de Santos, 31 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.